



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 28 DE DECEMBRO DE 2017.

### ASISTENTES

#### GRUPO POLITICO

#### ALCALDESA, que preside:

*Dª Mª Lourdes Ucha Varela*

PP

#### CONCELLEIROS:

*D. José Ramón Gondar Pintos*

PP

*D. Ramón Tilve Castro*

PP

*Dª. Milagros Pérez Gándara*

PP

*Dª Mª Pilar González Dopazo*

PP

*D. José Manuel Méndez Lázaro*

PP

*Dª. Rosalina Lima Prado*

PP

*José Manuel Ásperez Montes*

MI

*D. Antonio Rial Lastres*

MI

*D. José Varela Budelo*

MI

*Dª Mª del Pilar Prado González*

MI

*D. Icíá García Fernández*

PSdeG-PSOE

*D. Manuel Radio Oubiña*

PSdeG-PSOE

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 28 de decembro de 2017, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quórum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.


1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 11 de decembro de 2017 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2018.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta aos membros da Corporación da proposta da Alcaldía sinalando que elaborado o Orzamento para o exercicio económico 2018, nivelado tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos e estimándose, en principio, suficientemente dotadas as aplicacións para atender as obrigas esixibles e acompañando ó mesmo a documentación que preceptúa o artigo 165 e 168 do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 18 e 19 do R.D. 500/1990, do 20 de abril e ao que se unen como anexos os previstos no artigo 166 do devandito R.D.Lvo. e nos artigos 12 ó 15 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o Cadro de Persoal, Relacións de Postos de Traballo e Cargos Electivos, as Bases de Execución do Presuposto o Cadro de Inversións, o estado de previsión de movemento e situación da débeda, liquidación do orzamento do exercicio anterior, avance do corrente, informe económico-financieiro, informe de intervención e informe sobre o cumprimento da estabilidade





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

orzamentaria e límite da débeda; propoñéndolle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2018 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.528.008,00	1	Impostos directos	1.047.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.320.000,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	658.567,00
4	Transferencias correntes	162.620,00	4	Transferencias correntes	1.542.560,00
6	Investimentos reais	786.247,00	5	Ingresos patrimoniais	7.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	530.247,00
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>3.815.875,00</b>		<b>TOTAL</b>	<b>3.815.875,00</b>

2º Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º Formar e aproba-la Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para o exercicio 2018, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Creación dunha praza de administrativo de administración xeral, co ánimo afondar na especialización profesional e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, quedando unha das prazas de auxiliar administrativo das existentes en situación de a extinguir; extinguíndose no intre de que a súa titular supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral; ao abeiro do artigo 14.c) e 18 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en concordancia co artigo 19.4, parágrafo último da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do estado para o ano 2017.

- Incremento de nivel dos postos de traballo dos Policías Locais, co ánimo afondar na especialización profesional e competencia e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual, asignando no exercicio 2018 o complemento de destino 18 e no 2019 o complemento de destino 19.

- Reposición do posto de traballo de persoal laboral fixo de limpador/a encargada ao quedar vacante por xubilación.

- Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.2.6) da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que no ano 2018 lle afectará as prazas de:

- \* Coidador/a-conductor/a servizo transporte asistencial-Centro Social Polivalente.

- \* Coidador/a terceira idade Centro Social Polivalente.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- \* Técnica sociocultural terceira idade Centro Social Polivalente.
- \* Mestre Escola Infantil 0-3 anos.
- \* Técnico Especialista en Xardín de Infancia ou equivalente Escola Infantil 0-3 anos.

Quedando integrada por:

- Doce prazas de funcionarios de carreira.
- Dúas prazas de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extingúndose no intre de que as titulares superen o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.

- Vinte e catro postos de traballo de persoal laboral fixo.

- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostentabilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2017, agás as correspondentes á Policía Local que varían nos termos sinalados e complemento específico así como as retribucións do persoal laboral que figuran nos Cadros de retribucións, nas Bases de aplicación das retribucións do persoal que presta servizos para o Concello de Meaño, que dado que a esta data non se conta con Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018, contéplanse as contías retributivas do exercicio 2017 polos diferentes conceptos, sobre as cales se aplicará o incremento que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; para o que se preveu nas correspondentes aplicacións orzamentarias un incremento do 1,5% que queda condicionado ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018, segundo determina o artigo artigos 2 e ss. do Real Decreto 861/86, de 25 de abril e nas Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2017, coas características xerais, segundo se relacionan no seguinte:

## CADRO DE PERSOAL

### A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1/A2	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
ADMINISTRATIVO	2	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
AUXILIAR	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
POLICIA LOCAL	4	C/C1	16	Administ. Especial	Servicios Especiais
OPERARIO	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

**Auxiliar:** Grupo C, Subgrupo C2, DOUS postos de Auxiliar quedan na situación "a extinguir", ao amortizarse no intre que sexa cuberta o posto de Administrativo por promoción interna.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

**POLICÍA LOCAL** (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións
POLICÍA	1	C/C1 (A	16	Básica	Policía	4 prazas de Policía Transformada 1 das prazas de Policía en Oficial.
POLICÍA	1	extinguir)	16	Básica	Policía	
POLICÍA	1	C/C1	16	Básica	Policía	
OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1 C/C1	16	Básica	Oficial	

Policía Local\*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

No intre da acreditación da titulación académica requerida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1. Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

## B) PERSOAL LABORAL

### FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
TÉCNICA PERSOAL-AXENTE EMPREG DESENVOL LOCAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ASISTENTE SOCIAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
EDUCADOR/A FAMILIAR	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
INFORMADOR/A XUVENIL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTA TÉCNICA	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
MESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	3(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA/O ESPECIALISTA XARDIN DE INFANCIA	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado obras e servicios)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	4(CUBERTAS)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS ESPECIAIS (Encargado edificios municipais)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
LIMPADORA (Encargada)	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTO/A	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A-CONDUCTOR/A TRANSP. ASISTENCI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
COIDADORA TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIV	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICO/A ANIMADOR SOCIO-CULTURAL CENTRO SOCIAL POLI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA

### TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIONES
BIBLIOTECARIO/A	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADORES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLO	6	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A AXUDA DOMICILIO	8	XORNADA PARCIAL
AXUDANTE DE COORDINACIÓN DE AXUDA NO FOGAR	1	XORNADA PARCIAL
CONSERXE CENTRO SOCIAL	1	XORNADA PARCIAL
TÉCNICO XIMNASIA TERAPEUTICA	1	XORNADA PARCIAL
MONITORES PISCINA - VERAN	2	XORNADA COMPLETA
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
MONITORES CAMPAMENTOS - VERAN	3/4	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR	3	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA	15	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA-DIRECTOR	1	XORNADA PARCIAL
MONITOR ACTIVIDADES FÍSICAS	1	XORNADA PARCIAL
AUXILIAR DE POLICÍA	1	XORNADA COMPLETA

4º Aprobalo Cadros de Retribucións do persoal funcionario, do persoal laboral e do



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

eventual, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións.

5º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- Alcaldía, dedicación exclusiva 100% xornada. Retribución anual 43.000,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.
- Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións intitucionais, dedicación parcial, 14 horas semanais. Retribución anual 8.400,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro
- Concelleira de os sociais e igualdade, dedicación parcial, 9 horas semanais. Retribución anual 5.600,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía as mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.



6º Aprobar para o exercicio económico 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	7	320,00	2.240,00	2.560,00
PSdeG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MI	4	320,00	1.280,00	1.600,00
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>960,00</b>	<b>4.160,00</b>	<b>5.120,00</b>

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberan levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

7º Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Director	9.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	9.000,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. Cult. ASMUBAL	Escola deportiva de balonmán	6.000,00 €





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

O convenio, cuxo modelo figura nas Bases de Execución do Orzamento, será o instrumento para canalizar estas subvencións.

8º/ Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2018, no que se conclúe que o Presuposto Municipal do exercicio 2018 cumpre o obxectivo de estabilidade presupuestaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao no contar con débeda.

9º/ Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias á Delegación do Ministerio de Economía y Hacienda e da Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que exporá a súa intervención por partes, empezando polo estado de gastos e seguindo cos investimentos, co estado de ingresos, co cadro de persoal e rematará cunha valoración xeral; así en relación co estado de gastos sinala:

1. A partida destinada a “Enerxía eléctrica” reflexa un aumento de 7.000€ respecto do presuposto pasado. A qué é debido? A un aumento da subida da luz ou ten algo que ver con un mal uso da iluminación LED?
2. Ademáis, establécese un aumento de 25.000€ nos traballos de alumeados públicos, a qué traballos se refiren?
3. Qué engloba a partida “Gastos diversos centros escolares”? (1.000€)
4. A partida de “Cáterin comedor escolar” sofre un aumento de 8.000€. Con qué motivo prevén este aumento? Vai ir ligado a unha subida do prezo do comedor escolar?
5. Poden concretarnos o significado da palabra “Outros” na partida “Festa dos Muiños e outros”?
6. Digno de mención o estancamento das partidas dedicadas a “promoción do comercio-mercado municipal” e ”promoción turística”.
7. Qué mantemento de rede inalámbrica Wifi? Servicio totalmente obsoleto que non da unha boa prestación.
8. Por qué motivo se aumenta a partida de “Gastos de Comunicación” en 3.000€? En qué gastos incurreren?
9. Seguimos crendo insuficiente as cuantías destinadas a axudas escolares e non se prevé para universitarios. É unha vergoña que sólo se destinen 4.000€; deixando aparte xa a forma de informar destas axudas.
10. Agradecemos a creación dunha partida para “Axudas á natalidade”, parece que empezan a darse conta do problema demográfico que estamos a sufrir en Galicia, máis concretamente nos concellos do rural.

En canto a inversions reais sinala:

1. A partida destinada a “Travesía Iglesia –Lores” refírese a un proxecto paralizado dende fai 3



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

anos aproximadamente (se mal non recordo), no que querían abrir unha nova pista ata a igrexa de Lores. Esta foi unha obra demandada por unha parte dos veciños, pero que xa trouxo consigo problemas de negociación. De feito, o propietario dunha finca salira na prensa opoñéndose ás formas do goberno. Unha vez vese que a falta de capacidade negociadora é un problema endémico do grupo de goberno.

2. En dónde van repoñer o novo mobiliario? [Partida “Moviliario urbano” 2.000€]

3. En qué zonas se vai ampliar o servizo de abastecemento de auga? Podería detallarnos cantos veciños estarán beneficiados con esta obra?

4. En dónde se vai mellorar o alumeadado? Descríbanos os lugares.

5. Entendemos que con “terreos área recreativa Dena” se refire aos terreos para o establecemento da praza pública en Dena. Corríxanos se non é así. Unha vez máis queremos expoñer o noso máis profundo malestar coas formas que se usaron neste proxecto, e explícome:

Nun primeiro momento, cando se expuxo que se estaban buscando terreos para a praza pública, o noso grupo manifestou varias opcións que se adecuarían aos veciños. Ningunha das nosas propostas foi atendida, nin tan sequera estudada. Dende un principio fixaron a súa mirada no terreo do lado do río sen atender a razóns. Dena é a parroquia con máis habitantes do concello.

Vostede cree que ese pequeno terreo vai ser suficiente para albergar as festas de Dena??

Vostede cree que o uso “extra” que lle quere dar de aparcadoiro vai ser suficiente para o desenvolvemento e a vida comercial que ten Dena? Parécenos unha tomadura de pelo e un gasto, que a posteriori, vai evidenciar unha mala xestión e acabará dándonos a razón.

6. En canto á “Ruta de senderismo fluvial” parécenos unha boa forma de potenciar o nosa natureza. Entendemos que é unha promesa electoral, pero polo menos, fágano ben, por que, qué sentido ten esta inversión se logo non invertimos en promoción turística?? Evidencia unha vez máis a falta de obxetividade, de un proxecto a futuro, de unha visión de Meaño máis modernizada. Esta obra solábase co convenio que teñen firmado co Concello de Sanxenxo?

7. A qué se refiren con “Proxectos e dirección técnicas”? Os pes de páxina suelen funcionar ben para pequenas aclaracións. Habendo ademais máis de unha partida que se chama igual...

8. A qué casas de cultura se refiren na partida de “Melloras reposicións Casa Cultura”, ademais de Cobas? Por fin van a adecuar á lei o acceso? [importe de 6.000€]

9. As “melloras das instalacións deportivas” refírense aos problemas de condensación do pavillón de Dena? E ao de Xil?

10. Teñen un listado cos camiños que van a ser mellorados no exercicio 2018?

11. Qué melloras se van realizar en Pereiras, Axis e Besada? Explíqueas.

Do estado de ingresos, sinala:

1. O incremento de 50.000€ en concepto de IBI ven dado pola subida do imposto? Queremos abrir un pequeno paréntesis para volver a recordar que este grupo de goberno se negou a contemplar modificacións no imposto de bens inmobles, e queremos recordar tamén que fai dúas semanas o concello de Ribadumia aprobou unhas bonificacións novas e exencións. Cerramos o paréntesis. Voluntade política se lle chama a eso.

2. Tamén se pode observar un aumento en 20.000€ da taxa do servizo de abastecemento de auga. A que se debe?

3. Queremos mencionar especialmente a partida de “Multas”. No presuposto 2017 esta partida contemplaba uns ingresos de 500€, para o 2018 se contemplan uns ingresos de 200€. Non é de extrañar que sexa tan baixa se non se remiten as multas á xefatura de tráfico.

4. Mención aparte a redución dun 7% en transferencias de capital. Aumenta só a aportación da Deputación de Pontevedra do Plan Concellos. A Xunta redúcenos en máis de 20.000€ a súa aportación.





Cadro de persoal:

1. Enchéselles a boca falamos de estabilización de emprego, do dereito á progresión na carreira profesional, de igualdade, de méritos, de capacidade e da especialización profesional para xustificar a creación dunha nova praza de administrativa da administración xeral e resulta que a RPT segue no mesmo caixón no que o tiñan os pasados anos. Cómo pretenden que nos creamos estes argumentos se a verdadeira forma de crear igualdade entre os traballadores é a través dunha RPT. Non pensan que a súa negativa a aprobar a RPT se pode confundir con unha forma de utilizar os ascensos para premiar a lealtade ou non dos traballadores? Pénseno.
2. Existen varios erros nos documentos que imposibilitan a aprobación dos mesmos: 1. A praza de mestre/a de educación infantil ou equivalente está vacante. 2. A praza de auxiliar administrativo de atención primaria está cuberta. 3. Por qué motivo o Coidador/a da terceira idade e do técnico/a animador socio-cultural do centro social polivalente cobrarían o mesmo por pasar de traballar 6 horas diarias a 8 horas diarias? Venlle algún sentido?
3. Establécese un incremento do 1,5% nos soldos según a lei, pero resulta que os certificados fiscais que se lle remiten aos traballadores do ano 2016 reflexa unha cuantía maior á retribución bruta que se establecen nos presupostos. Podrían explicar o por qué?
4. Podrían explicarnos en qué se basan para calcular os soldos do persoal fixo laboral? Por qué existen tantas discrepancias entre eles, chegando incluso a diferencias de case 9.000€?
5. Por qué motivo non cubren a plaza vacante de oficial de policía local?
6. En canto ás dedicacións do grupo de goberno, seguimos alucinando coas dedicacións parciais. Foi tremendo que durante dous anos non se necesitara remunerar á concelleira de servizos sociais e igualdade e que unha vez que se lle remunera á concelleira de cultura, educación, deporte, tempo libre e relación institucionais tamén se lle pague polo seu tempo. Parece un pouco chirriante, polo menos, non?

Contesta a Sra. alcaldesa:

- O aumento previsto en enerxía eléctrica ven dada pola continua fructuación a alza do seu custo, non obstante estase acadando unha contención destas subidas mediante a adaptación de tarifas e potencias e a progresiva implantación de iluminación LED.
- A prevision de aumento do gasto nos traballos de alumeados públicos responde a que o funcionario que se encarga do alumeado está de baixa e hai que acudir a empresas privadas.
- A partida “Gastos diversos centros escolares” atende a obsequios para os alumnos que participan nos concursos porque si se consideran como premios habería que declaralos beneficiarios.
  - Gastos de comunicación afectan a telefonía e correo postal.
  - A “Travesía Iglesia –Lores” refírese a un proxecto de fai máis de 3 anos pero nunca estivo paralizado xa que, a parte de que houbo que tramitar un Plan Especial como trámite previo, estiveronse tramitando as autorizacións coas que xa se conta e estase a ultimar o proxecto de execución; en canto á negociación de momento non se deron polo que non puido haber problemas e segundo os datos de que dispón a persoa que fixo esas manifestacións non é o propietaria.
  - A ampliación do servizo de abastecemento de auga está prevista para a parroquia de Simes, concretamente nos lugares de Vilariño, Pazos e Igrexa.
  - A mellorar o alumeado está prevista con cargo ao proxecto ao que se adheriu o Concello que a Deputación Provincial presentou ante o IDAE, e afectaría ao alumeado da PO303.
  - O moviliario urbano irase reponendo onde vaía facendo falta, por deterioro, roubo, vandalismo ou porque se aprecia a necesidade de dotación.
  - A dotación para terreos está prevista para acadar máis terreo e espazos públicos na parroquia de Dena.





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- A ruta de senderismo fluvial transcurrirá desde Lores ata o muíño da Birta.
- A razón de que aparezan máis dunha partida para proxectos e direccións de técnicas ven motivada polo tipo de obras a que afecten que esixen unhas clasificacións definidas.
- En canto ao IBI non se trouxo ao Pleno a modificación da ordenanza reguladora deste imposto para subilo. O incremento da previsión de ingresos por IBI ven motivada no incremento da recadación segundo as liquidacións que fai o ORAL.
- O aumento da previsión da taxa do servizo de abastecemento de auga débese a que aumentaron considerablemente os usuarios.
- Os erros a que se refire nas prazas de mestre/a de educación infantil ou de auxiliar administrativo de atención primaria na proposta da Alcaldía está ben e si hai erro no Cadro de Persoal corríxese. Non é como di que a coidador/a da terceira idade e o técnico/a animador socio-cultural do centro social polivalente cobrarían o mesmo por pasar de traballar 6 horas diarias a 8 horas diarias.
- A diferenza sinalada entre os certificados fiscales que se lle remiten as/os traballadoras/es do ano 2016 e a cuantía da retribución que figura no Orzamento comprobarase.
- En canto a RPT, adquiriuse o compromiso cos sindicatos na Mesa de Negociación de que en este ano se estudiaría.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que “Isto non son nin supostos, isto é unha patochada, un paripé, unha burla. O máis grave, unha falta de respecto. Primeiro ós veciños, ós traballadores (tanto aos que preparan istos documentos a presa e correndo coma os que claramente son perxudicados ano tras ano) e por ultimo unha falta de respecto a nos que representamos a parte dos veciños deste Concello e traballamos en favor de todos.

Non pode ser que teñamos un Pleno a correr a día de hoxe (cun custe de case 2.000,00 € para os veciños), convocados o venres 28 ás 19:18, non podendo acceder á documentación ata o mércores (onte) ás 12:30 vía email. A prensa que tanto lle molesta tiña datos antes que nos. Concellos veciños convocan primeiro a xunta de portavoces con ata 30 días de antelación e apertan a documentación. Logo a Comisión de Contas con 10-15 días antes do Pleno e finalmente o Pleno. Aquí xa vemos como se están a facer as cousas. Logo vostede queixase das malas noticias que saen sobre Meaño e xa dixen que Meaño está moi por arriba da alcaldesa, que dos veciños en xeral ten moito que aprender e pouco que ensinar.

Tanto espero que coma unha das responsables do PP da comarca, ensine pouco o seu método e aprenda do que fan varios dos seus compañeiros.

Isto é unha parvada coa súa maioría fará o que lle de a gana. Pode aprobar isto e quedar “Ancha” que diría alguén.

Hai partidas “copia e pega” de anos anteriores e non se executaron por importantes e imprescindibles que vostede mesma consideraba (PXOM, rúa de Lores e o terceiro ano que está no presuposto...). Hai outras partidas que desaparecen sin executar (coma a inversion en pluviais/residuais de Dena de 150.000,00 €). Partidas que sin levarse a cabo, axudan a engordar ese famoso e falso superavit e esas modificacións de crédito salvaxes que ano tras ano levamos a cabo. Vostede merece o mesmo desprezo que mostra por nos e hoxe deberíamos levantarnos deste Pleno e nin siquiera votar. Valoro o traballo de valorar as partidas e volver a discutir partida a partida (tontería a tontería), coma se non soberan o resultado deste e o pouco que lle importa a vostede e ademáis.... parte do que cobremos por completar este Pleno irá destinado ás distintas asociacións que organicen cabalgatas de reis no noso Concello, en beneficio dos veciños e por respecto a eles aquí nos quedamos e votaremos en contra do Presuposto e iremos, pleno a pleno, resolución a resolución e decisión a decisión, traballando.”

Contesta a Sra. alcaldesa que a convocatoria se cursaron o venres e a documentación





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

púxose a disposición na plataforma de administración electrónica ese mesmo venres, non obstante tiñana a disposición para consultar en papel o martes.

Replica o Sr. Ásperez Montes que non se lle enviou nin a tiñan a súa disposición o venres e a través da plataforma non se puido acceder a documentación.

Prosigue a Sra. alcaldesa sinalando que como ven sendo habitual e esixe a lexislación vixente o grupo de goberno ven facendo o orzamento antes do 31 de decembro e engade que o Orzamento está elaborado para tódolos os veciños de Meaño, cuns investimentos que considera responde ás necesidades dos veciños pero que parecen que non gustan.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo quen sinala que hai inversións coma a de saneamento de pluviais, que é un investimento necesario, que no se executou no ano 2017 e non se prevé no ano 2018.

Contesta a Sra. alcaldesa que tamén o grupo de goberno a considera una inversión necesaria e importante pero non se convocou a subvención non obstante si neste ano se convocan axudas acudirase a elas.

Conclúe a Sra. García Fernández sinalando que o seu grupo votará en contra porque o seu grupo leva dous anos solicitando que se conte coa oposición para a elaboración dos presupostos, que se lles informe en tempo e forma do inicio da elaboración dos presupostos e que se teñan en conta as propostas da oposición.

Sinalando “De qué nos vale que nos digan que sí van contar con nos se logo non nos chaman nin para saludarnos? Neste salón de Plenos, a este grupo do que son voceira se lle asegurou que se nos ia informar dos presupostos para poder aprobalo coa maioría dos grupos políticos, e nese mesmo momento tamén se nos dixo que as proxectos importantes saldrían de vostedes, por se así recorda o momento xusto.

Non teñen palabra e tampouco sinten vergoña por non ter palabra.

Unha vez máis volven fallar no mesmo, un copia e pega dos presupostos anteriores con un incremento dun 2%, basando parte deste incremento no suposto crecemento económico traducido no sector inmobiliario e no pequeno comercio. Pero este incremento dos ingresos se relaciona cos gastos? NO. Por qué? Porque as partidas de gasto de promoción do comercio e do turismo están CONXELADAS. De qué serve ingresar máis se non se invirte nun crecemento económico e nunha evolución empresarial e turística no concello? De NADA, non serve de NADA.

Sólo para presumir de superávit. E neste concello sempre gustou moito presumir de superávit, aínda que teñamos déficit en evolución.

Xa por último, aceptamos apostas para determinar cando vai ser a primeira modificación de crédito”.

Rematadas as intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con seis votos en contra, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE e por sete votos a favor, dos membros do Grupo municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2018 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.528.008,00	1	Impostos directos	1.047.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.320.000,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	658.567,00
4	Transferencias correntes	162.620,00	4	Transferencias correntes	1.542.560,00
6	Investimentos reais	786.247,00	5	Ingresos patrimoniais	7.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	530.247,00
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>3.815.875,00</b>		<b>TOTAL</b>	<b>3.815.875,00</b>

2º/ Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º/ Formar e aproba-la Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para o exercicio 2018, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de 1997 da Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Creación dunha praza de administrativo de administración xeral, co ánimo afondar na especialización profesional e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, quedando unha das prazas de auxiliar administrativo das existentes en situación de a extinguir; extingúndose no intre de que a súa titular supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral; ao abeiro do artigo 14.c) e do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en concordancia co artigo 19.4, parágrafo último da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do estado para o ano 2017.

- Incremento de nivel dos postos de traballo dos Policias Locais, co ánimo afondar na especialización profesional e competencia e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual, asignando no exercicio 2018 o complemento de destino 18 e no 2019 o complemento de destino 19.

- Reposición do posto de traballo de persoal laboral fixo de limpador/a encargada ao quedar vacante por xubilación.

- Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.2.6) da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, que no ano 2018 lle afectará as prazas de:

- \* Coidador/a-conductor/a servizo transporte asistencial-Centro Social Polivalente.
- \* Coidador/a terceira idade Centro Social Polivalente.
- \* Técnica sociocultural terceira idade Centro Social Polivalente.
- \* Mestre Escola Infantil 0-3 anos.
- \* Técnico Especialista en Xardín de Infancia ou equivalente Escola Infantil 0-3 anos.

Quedando integrada por:



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

- Doce prazas de funcionarios de carreira.
- Dúas prazas de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extingúndose no intre de que as titulares superen o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.
- Vinte e catro postos de traballo de persoal laboral fixo.
- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2017, agás as correspondentes á Policía Local que varían nos termos sinalados e complemento específico así como as retribucións do persoal laboral que figuran nos Cadros de retribucións, nas Bases de aplicación das retribucións do persoal que presta servizos para o Concello de Meaño, que dado que a esta data non se conta con Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018, contémplanse as contías retributivas do exercicio 2017 polos diferentes conceptos, sobre as cales se aplicará o incremento que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; para o que se preveu nas correspondentes aplicacións orzamentarias un incremento do 1,5% que queda condicionado ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018, segundo determina o artigo artigos 2 e ss. do Real Decreto 861/86, de 25 de abril e nas Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2017, coas características xerais, segundo se relacionan no seguinte:

## CADRO DE PERSOAL

### B) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1/A2	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
ADMINISTRATIVO	2	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
AUXILIAR	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
POLICIA LOCAL	4	C/C1	16	Administ. Especial	Servicios Especiais
OPERARIO	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

**Auxiliar:** Grupo C, Subgrupo C2, DOUS postos de Auxiliar quedan na situación "a extinguir", ao amortizarse no intre que sexa cuberta o posto de Administrativo por promoción interna.

**POLICÍA LOCAL** (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

POLICÍA	1	C/C1 (A	16	Básica	Policía	4 prazas de Policía Transformada 1 das prazas de Policía en Oficial.
POLICÍA	1	extinguir)	16	Básica	Policía	
POLICÍA	1	C/C1	16	Básica	Policía	
OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1	16	Básica	Oficial	

Policía Local\*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

No intre da acreditación da titulación académica requerida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1. Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

## B) PERSOAL LABORAL

### FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
TÉCNICA PERSOAL-AXENTE EMPREG DESENVOL LOCAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ASISTENTE SOCIAL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
EDUCADOR/A FAMILIAR	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
INFORMADOR/A XUVENIL	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTA TÉCNICA	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
MAESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	3(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
MAESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICA/O ESPECIALISTA XARDIN DE INFANCIA	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado obras e servicios)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	4(CUBERTAS)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO SERVICIOS ESPECIAIS (Encargado edificios municipais)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
LIMPADORA (Encargada)	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1(CUBERTA)	XORNADA COMPLETA
ARQUITECTO/A	1(CUBERTA)	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A-CONDUCTOR/A TRANSP. ASISTENCI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
COIDADORA TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIV	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA
TÉCNICO/A ANIMADOR SOCIO-CULTURAL CENTRO SOCIAL POLI	1(VACANTE)	XORNADA COMPLETA

### TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
BIBLIOTECARIO/A	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADORES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLO	6	XORNADA PARCIAL
COIDADOR/A AXUDA DOMICILIO	8	XORNADA PARCIAL
AXUDANTE DE COORDINACIÓN DE AXUDA NO FOGAR	1	XORNADA PARCIAL
CONSERXE CENTRO SOCIAL	1	XORNADA PARCIAL
TÉCNICO XIMNASIA TERAPEUTICA	1	XORNADA PARCIAL
MONITORES PISCINA - VERAN	2	XORNADA COMPLETA
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
MONITORES CAMPAMENTOS - VERAN	3/4	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR	3	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA	15	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA-DIRECTOR	1	XORNADA PARCIAL
MONITOR ACTIVIDADES FÍSICAS	1	XORNADA PARCIAL
AUXILAR DE POLICÍA	1	XORNADA COMPLETA

4º Aproba-los Cadros de Retribucións do persoal funcionario, do persoal laboral e do eventual, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións.

5º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)

retribucións:

- Alcaldía, dedicación exclusiva 100% xornada. Retribución anual 43.000,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengarán nas nóminas dos meses de xuño e decembro.
- Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións intucionais, dedicación parcial, 14 horas semanais. Retribución anual 8.400,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro
- Concelleira de os sociais e igualdade, dedicación parcial, 9 horas semanais. Retribución anual 5.600,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía as mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.

6º Aprobar para o exercicio económico 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	7	320,00	2.240,00	2.560,00
PSdeG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MI	4	320,00	1.280,00	1.600,00
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>960,00</b>	<b>4.160,00</b>	<b>5.120,00</b>

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

7º Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Director	9.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	9.000,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. Cult. ASMUBAL	Escola deportiva de balonmán	6.000,00 €

O convenio, será o instrumento para canalizar estas subvencións.

8º Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2018, no que se conclúe que o Presuposto Municipal do exercicio 2018 cumpre o obxectivo de



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

estabilidade presupostaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao no contar con débeda.

9º/ Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias á Delegación do Ministerio de Economía y Hacienda e da Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifica, co visto e praxe da Sra. alcaldesa.

Vº e Praxe  
A alcaldesa

Asdo. Ma Lourdes Ucha Varela





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

---

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemearno@concellodemearno.com](mailto:concellodemearno@concellodemearno.com) · Web: [www.concellodemearno.com](http://www.concellodemearno.com)